

CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DE HORARIOS

A elaboración dos horarios do alumnado tenderá a optimizar a utilización dos espazos dispoñibles, de acordo co disposto na Orde de 4 de agosto de 2011, e realizaranse tendo en conta os criterios pedagóxicos seguintes:

- a) Como norma xeral, un alumno de elemental virá ao centro un máximo de 3 días á semana, e un de profesional, un máximo de 4.
- b) As materias nas que a carga horaria sexa de 2 horas semanais ou superior: non poderán realizarse de xeito continuo, senón distribuídas nun mínimo de dúas sesións e con un día de separación como mínimo entre as dúas sesións.
- c) As clases colectivas dun grupo dos mesmos alumnos, agruparanse na medida que permitan as dispoñibilidades de espazo, e as preferencias horarias dos alumnos, de xeito que se impartan de seguido.
- d) Elaboraranse os horarios de xeito que haxa alternativas para poder solicitar cambios de grupo cambiando efectivamente de día e/ou de hora.
- e) Como norma xeral, e para unha mellor especialización, un docente non impartirá máis de tres materias/cursos distintos.
- f) Ao alumnado de Grao Elemental impartiráselle a docencia en horario de tarde, agás a última hora (de 21:00 a 22:00) salvo petición do interesado/a, ou matrícula sobrevida.
- g) Ao efecto de facilitar o aproveitamento académico da relación entre alumno/a e docente, como normal xeral, e non existindo causa de forza maior que o impida (cambio no cadro docente do centro, non dispoñibilidade de horario do docente, etc.) no momento de reparto da docencia, prevalecerá a continuidade do alumnado co profesorado que tivese no curso anterior.

4- Ao efecto de facilitar a elaboración dos horarios do alumnado en relación coa simultaneidade dos estudos de réxime xeral e universitarios no seu caso, no momento da matrícula solicitarase ao alumnado a información sobre a súa dispoñibilidade horaria. Esta información terase en conta na elaboración dos grupos.

Horarios lectivos de materias colectivas de carácter teórico-práctico.

A distribución dos grupos de Linguaxe Musical, Harmonía, Novas Tecnoloxías, Análise, Historia da Música, Orquestra/Banda/Coro, Idiomas, así como de calquera outra materia de características análogas, como poden ser materias de Itinerario, será realizada pola xefatura de estudos atendendo ao criterio de mellor aproveitamento dos espazos do centro, e aos criterios pedagóxicos a ter en conta para a elaboración dos horarios recollidos tanto na normativa de aplicación como no art. 29.3 anterior.

O número de grupos das clases colectivas e a asignación de alumnos aos grupos establecerase tendo en conta, ademais dos criterios fixados pola norma (rateos), os seguintes criterios e nesta orde de prelación:

1. Os recursos de persoal docente dispoñibles.
2. Os ocos físicos que reúnan as condicións precisas para esa docencia dispoñibles
3. A Distribución homoxénea do alumnado entre os grupos dispoñibles.
4. A Distribución en razón da asistencia ás diferentes agrupacións orquestrais ou de coro
5. As dispoñibilidades de asistencia manifestadas polos alumnos/as no momento da matrícula.

Os horarios das clases de grupo só poderán ser modificados previa autorización da Xefatura de Estudos, sempre que exista a debida xustificación documental e non prexudique a ningún alumno/a.

Horarios das materias de Música de Cámara e Conxunto.

As agrupacións de Música de Cámara e de Conxunto, serán realizadas polo departamento competente, en función do alumnado matriculado, de criterios pedagóxicos e do repertorio existente para os diferentes grupos.

Horarios das materias de ráteo 1/1

- a) Con unha antelación mínima de 24 horas ao acto de elección de horarios das clases individuais, a xefatura de estudos procederá a facer públicas na páxina web do centro as listaxes de alumnos/as adscritos a cada docente, xunto coa dispoñibilidade horaria do docente, de xeito que o alumnado coñeza previamente as posibilidades de elección que terá no momento da presentación para a elección dos horarios individuais.
- b) A orde de prioridade para escoller o horario de instrumento será:
 - i. de 1º a 4º de Grao Elemental (por curso e idade)
 - ii. 6º e 5º de Grao Profesional (por curso e idade)
 - iii. de 1º a 4º de Grao Profesional (por curso e idade)
- c) A elección do horario individual farase de forma presencial no horario e aula publicados na páxina web. Dita elección farase dentro do mesmo curso, por idade (empezando polos menores) e no caso de igual idade, segundo a letra establecida administrativamente para este ano que é a V. Se algún alumno/a non puidera contactar ao día da presentación que lle corresponde, poderá ser representado por outra persoa para escoller o seu horario.
- d) O alumno/a que non asista no horario do chamamento ao día e hora fixados para a presentación e elección de horarios segundo lle corresponda, perderá o dereito de preferencia na elección de horario e pasará ao final do listado. Neste caso o docente responsable adxudicaralle horario de oficio dentro da dispoñibilidade que lle reste.

Elección de horarios das materias de música de cámara e conxunto

- a) Con anterioridade ao inicio da actividade lectiva, o Departamento de Orquestra e Música de Cámara, fará pública a lista provisional de agrupamentos das materias de Orquestra/Banda/Coro, Música de Cámara e Conxunto (agás naqueles casos en que os Conxuntos estean organizados directamente por unha especialidade concreta).
- b) A elección de horarios nas materias de Música de Cámara e Conxuntos, realizarase coa presenza de todos os grupos. Cada profesor disporá dunha aula na que irán entrando os grupos comezando a escoller os alumnos/as de 6º curso; logo escollerán os alumnos/as de 5º curso, e despois de 1º a 4º. Para os grupos de Conxunto de pianos, terán prioridade de elección os alumnos de 4º curso e logo, de 1º a 3º cursos. Se nun grupo houberse alumnos de diferentes grupos, aplicarase a prelación favorecendo aos alumnos dos cursos máis altos ou máis baixos segundo a orde de prelación que aquí se expón (p. e. se nun grupo de cámara hai alumnado de 4º, 5º e 6º, elixe primeiro que os outros grupos, porque o alumno de 6º ten prioridade; se nun grupo hai alumnado de 1º e 2º, elixe primeiro que os de 2º, e 3º, porque o alumno/a de 1º, ten prioridade). A entrada dos grupos será de forma escalonada segundo o orden establecido.
- c) No momento da presentación, o docente preguntará ao alumno maior de idade presente ou representado no seu caso, se estarían interesados en ter clase pola mañá. No caso de que houberse un número suficiente para cubrir a docencia diaria mínima, o docente asignará primeiramente esta docencia de mañá ao/s alumno/s interesado/s. No caso de que non houberse acordo entre o alumnado entre si, ou entre o alumnado e o docente respecto de qué día se desenvolverá a docencia de mañá, pasaría a asignarse a docencia de todo o alumnado segundo procedemento xeral establecido. En calquera caso, o docente pode, ao seu criterio, impartir docencia de mañá se houberse alumnado interesado, aínda que elo implicase a realización de xornada partida, e a utilización de franxa horaria dispoñible que ten prevista de tarde.